


# Actividades escolares Santiago curso 2014-2015

afundacion.org



// Afundación

Obra Social ABANCA

# Actividades escolares

Teatro

Exposiciones

Cine

Música

Natureza

[www.afundacion.org](http://www.afundacion.org)

**//Afundación**

Obra Social ABANCA

## A nena e o grilo no país das apertas

Educación infantil (3 a 6 anos)

Magín Blanco  
Duración: 60 min  
Música

A través de cancións con tintas de pop, rock, *reggae* ou *bossa nova*, cóntase a historia da amizade entre unha nena e un grilo. Ambos descóbrennos emocións e sentimentos, ensínanos a vivir e conseguen que nos mergullemos nun universo máxico. Unha historia que nos fai medar uns centímetros en doses de ilusión, creatividade e imaxinación.

29 de abril de 2015. Horario: 10.00 e 12.00 h

## O cocido sinfónico

1º Ciclo de primaria

Os Tres Tenedores  
Duración: 60 min  
Música

As portas deste peculiar restaurante ábrense dispostas a ofrecer aos seus comensais as músicas máis saborosas, acompañadas dos pratos máis succulentos e anovadores. Teatro, música e humor mestúranse neste espectáculo adobados con varias disciplinas como a música en directo ou o *clown*. Bo proveito!

24 de febreiro de 2015. Horario: 10.00 e 12.00 h

## Antía, Wamba e o regato pequeno

2º Ciclo de primaria

A Tropa de Trapo  
Duración: 60 min  
Teatro de actor

Wamba, un mozo do Congo, conta a Antía historias que falan de África e Europa, do que nos sobra e falta, de compartir, de valorar o importante, de ollar con esperanza... Son catro contos para bailar, cantar, xogar e tamén para sentir e pensar. Os relatos fan reflexionar sobre a solidariedade, a igualdade e o que nos podemos achegar uns aos outros.

9 de marzo de 2015. Horario: 10.00 e 12.00 h

## Invención

3º Ciclo de primaria

Odaiko Percussion Group  
Duración: 60 min  
Música

Odaiko repasará as grandes invencións do home, desde o séc. XVIII coas de J. S. Bach, creador do rock daquela época, ata a actualidade con outras moitas produto da industrialización, da introdución do plástico... Chegará á conclusión de que o pasado é o reflexo do futuro. Como en todos os espectáculos, a conexión de Odaiko co público será o prato principal.

21 de abril de 2015. Horario: 10.00 e 12.00 h

## Nos meus zapatos

### 1º Ciclo de ESO

Fundación Igualarte  
Duración: 50 min  
Danza

Que difícil é encontrar, neste mundo das présas e da globalización, o espazo axeitado para recoñecérmolos e sermos recoñecidos polos outros. Os artistas camiñan buscando a propia identidade e convidan a reflexionar. A música que envolve o espectáculo xera unha atmosfera actual e intensa que propicia os sentimentos e empurra o pensamento. A Fundación Igualarte traballa o desenvolvemento artístico en persoas con capacidades diferentes.

8 de abril de 2015. Horario: 11.00 h

## Naturnova

### Centro Interactivo de Educación Ambiental. Vigo

En Naturnova poderás descubrir como é o mundo que nos rodea e a importancia que ten coidalo e conservalo. Ademais, xogarás cos corenta módulos de temática ambiental distribuídos por tres salas: O universo, O noso planeta e O ser humano e o seu medio.

De setembro a xuño:

#### Visita interactiva

Visita xeral para 2º e 3º ciclo de primaria, ESO, bacharelato e CF  
Goza de forma interactiva de todas as salas de Naturnova e do submarino con material didáctico de apoio.

#### «As miñas amigas as mascotas»

Charla e visita xeral para 1º e 2º ciclo de primaria  
Tartarugas, peixes, catorras... Ti tamén queres un? Lembra que non son xoguetes.

#### «Os invasores, inimigos da biodiversidade»

Charla e visita xeral para 3º ciclo de primaria, ESO, bacharelato e CF  
Avespas, mexillóns, eucaliptos, caracois... Invádenos!

De xaneiro a xuño:

#### «A Lúa e os planetas»

Actividade para 1º e 2º ciclo de primaria  
Como é a Lúa? Por que ten diferentes formas? Como son os planetas?

#### «Investigadores espaciais»

Actividade para 3º ciclo de primaria  
Un estraño acontecemento ocorreu no sistema solar. Convertémonos en auténticos detectives espaciais para investigalo.

Datas e horario a convir.

Máis información en [naturnova.afundacion.org](http://naturnova.afundacion.org)



## Normas xerais

[escolares.afundacion.org](http://escolares.afundacion.org)

Poderanse combinar actividades de calquera das disciplinas

Prezo: 1 € por participante e actividade

O pagamento farase por ingreso na conta: 2080 5000 61 3040323643 ES 91

Cómpre indicar o código de ingreso ao efectuar o pago da actividade

### ARTES ESCÉNICAS

O prazo de solicitude de reservas remata o 30 de xaneiro de 2015

Poderán solicitar a participación enchendo o formulario de peticións na web

Cada centro poderá solicitar un máximo de 100 alumnos por actividade

O pagamento deberase efectuar cando menos unha semana antes da actividade

Por correo electrónico comunicaremoslles aquelas actividades ás que poderán asistir, que serán aceptadas e confirmadas polo centro na web

As guías didácticas estarán dispoñibles na web

As funcións terán lugar no Auditorio Abanca (Rúa do Preguntoiro)

Consultas no 986 120 089

### CENTRO INTERACTIVO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL NATURNOVA

Información en [nurnova.afundacion.org](http://nurnova.afundacion.org)

Reservas durante todo o curso escolar en: [escolares.afundacion.org](http://escolares.afundacion.org),  
[nurnova@afundacion.org](mailto:nurnova@afundacion.org) ou 986 120 088

